



JRPC-ARLEP-37

CONVOCATORIA DA IV ASEMBLEA DE MISIÓN EDUCATIVA LASALIANA DO DISTRITO ARLEP E PROCESO DE ELECCIÓN DE ASAMBLEÍSTAS “Xuntos somos horizonte” (Lliria, 8 ao 12 de xaneiro de 2024)



Madrid, 7 de marzo de 2023

Queridos Irmáns, Asociados e Segrares lasalianos:

Saúdos cordiais neste comezo do mes de marzo que ten un papel importante no camiño cara ao final de trimestre que coincidirá co final da Coresma.

Como o título desta circular indica, envíovos a convocatoria oficial da posta en marcha da IV Asemblea para a Misión Educativa Lasaliana do Distrito Arlep.

Convocamos esta **IV Asemblea** co desexo de que o que imos vivir a partir deste momento nos axude a seguir impulsando a herdanza lasaliana que nos legaron San Xoán Bautista de La Salle e os primeiros Irmáns. O obxectivo principal desta asemblea é buscar as mellores mediacións que nos axuden a renovar a misión educativa para mellor servir os nenos e a mocidade, en especial os máis vulnerables.

Esta IV Asemblea, que hoxe poñemos en marcha, vai estar moi relacionada con outras dúas: Por unha banda, coa **III Asemblea Internacional** para a Misión Educativa Lasaliana, que se celebrou do 28 de outubro ao 4 de novembro de 2022 co lema “*Identidade, vitalidade, transformación. Xuntos facémolo posible*”, na Casa Xeneralicia de Roma. E, por outra banda, coa **Asemblea Rexional da Rexión RELEM**, que con moita probabilidade terá lugar no primeiro trimestre de curso 2023-24, máis centrada no proxecto educativo compartido desde unha perspectiva máis europea.

As tres asembleas mutuamente complementáanse e miran ao mesmo ámbito de responsabilidade, á misión común á que Irmáns e Segrares servimos. Agora, pois, xuntos, en Rede, unidos pola misión educativa, poñémonos en marcha.

Seguindo a proposta presentada pola Comisión preparatoria para a IV AMEL e aprobada polo Consello da Misión Educativa Lasaliana do Distrito o pasado 3 de febreiro de 2023, procedemos a dar comezo ao proceso e informar dos aspectos básicos da posta en marcha da IV Asemblea da MEL do Distrito.



Data e lugar: do 8 ao 12 de xaneiro de 2024 en Llíria (Valencia).

Lema e símbolo: “*Xuntos somos horizonte*”. Reflicte a importancia de *ser xuntos*, de *ser rede* e de seguir construíndo familia e misión lasaliana coa mirada posta no horizonte. O símbolo central é o xogo do *Scrabble*, que permite crear novas palabras formando equipos e combinando a participación de todos.

O sitio web é: <https://amel.lasalle.es>

En redes sociais, utilizarase o *hashtag* #IV_AMEL.

Os obxectivos da IV AMEL Distrital focalízanse en **dous** grandes aspectos:

- **Valorar o Proxecto de Misión**, para:
 - Avaliar o camiño realizado en cada un dos ámbitos a partir da III AMEL Distrital.
 - Actualizar as liñas de acción estratéxicas para os próximos anos integrando as concrecións da III Asemblea Internacional da MEL e da Asemblea da RELEM.
 - Definir os diferentes ámbitos de aplicación no Distrito, en cada Sector e en cada Obra educativa.
- **Definir e orientar as liñas estratéxicas para os próximos catro anos**, seguindo as directrices de La Salle a nivel mundial, que nos chaman a renovar o noso compromiso en relación coa *opción polos pobres*, a *presenza evanxelizadora do lasaliano/a* e a *identidade do educador/a lasaliano/a*, así como outros temas que se definan na primeira fase, de participación distrital, previa á Asemblea.

O **estilo da Asemblea** quere implicar a todos os lasalianos do Distrito. Para iso, fórmulanse catro momentos, con distintos itinerarios:

1. Estimular a participación con diferentes ferramentas de distintos grupos previo á realización da Asemblea. Para facer efectiva esta contribución o 27 de marzo enviaranse os materiais necesarios e as respostas poderanse traballar ata o 15 de xullo de 2023.
 - Enviaremos unha dinámica para as comunidades educativas.
 - Recollendo as respostas de todos os equipos, comunidades e órganos colexiados do Distrito a través dun formulario participativo.
 - A través do envío de suxestións ou notas libres.
2. Elaboración pola Comisión Preparatoria da síntese con todas as respostas recibidas na fase anterior.
3. Elección dos asembleístas e reunión previa para afondar na síntese.
4. Celebración da Asemblea, no Centro La Salle de Llíria (Valencia), do 8 ao 12 de xaneiro de 2024.

Constitución da Asemblea:

- O número máximo de asembleístas será de 68, sen contar invitados e persoal de apoio.
- O modo de elección será o mesmo para Irmáns e Segrares. Cada Dirección de Rede, tendo en conta o perfil do asembleísta e os obxectivos da AMEL, deseñará a proposta concreta de elección para o seu Sector, que deberá ser aprobada polo CMEL correspondente.

Asembleístas de dereito:

- Os Irmáns Visitadores.
- Os Membros do Consello Distrital de MEL.

Asembleístas elixidos:

- 6 Irmáns: cada Consello da MEL dos seis Sectores elixirán un Irmán que pertenza ás zonas comunitarias que abarcan a xeografía de cada sector.
- 24 Segrares: o Consello da MEL de cada un dos seis Sectores elixe catro segrares, preferentemente dous homes e dúas mulleres.
- 9 Irmáns ou Asociados elixidos polo Consello de Comunidades Lasalianas
- Un asembleísta elixido por cada un dos seguintes *equipos de coordinación* non sendo imprescindible que formen parte do equipo:
 - Coordinadora de Antigos alumnos.
 - Coordinadora de Asociados.
 - Equipo Distrital de Mocidade lasaliana.
 - Coordinadora de Obras socioeducativas.
 - Coordinadora de ONGDs lasalianas.
- Irmán Visitador poderá *designar* ata 3 asembleístas para asegurar a representatividade de todas as zonas e realidade do Distrito.

En cada un dos ámbitos anteriores designarase un suplente.

O 24 de maio é a data final designada para ter os **assembleístas elixidos**.

Sen dúbida a oportunidade que nos ofrece unha Asemblea contribuirá a seguir alimentando as nosas raíces lasalianas, a tomar as decisións máis oportunas neste tramo da nosa historia e a facernos conscientes de que temos entre mans un proxecto de Misión que revitalizar, permitíndolle así actualizar a súa significatividade e pertinencia. Por iso empeñarémonos en integrar un proceso que xunte pensamento, tomas de postura, decisións e accións que nos fagan avanzar cara ao porvir sendo fieis ás nosas raíces.

Grazas pola vosa cooperación. Quedamos á vosa enteira disposición para ofrecervos a información adicional que necesitedes.

En nome do Equipo de Animación do Distrito,

Ir. José Román Pérez
Visitador Titular do Distrito Arlep